

ENTREVISTA

Vén de recibir Vde. o premio PEN de Galicia 2009 pola súa defensa da liberdade de expresión e opinión a través do blog, “As uvas na solaina” (www.asuvasnasolaina.blogspot.com). Como conseguiu convertelo nese foro cultural que agora é?

En primeiro lugar, échome de orgullo o premio, sobre todo polos valores que prestixia. E creo que o único segredo é que o blog, nos tres últimos anos, conseguiu unha cota de participación e, ao mesmo tempo, un nivel de calidade nas interpretacións moi importante. A el achégase xente con opinión e con formación cultural máis que consolidada, e entre todos conseguimos crear un debate totalmente cortés e educado, de xeito que a xente se atopa nun espazo virtual agradábel, onde é posíbel discutir sen ningún tipo de ataques ni de agravios persoais. Existe unha equipa moi fiel de seguidores, unhas 15 ou 20 persoas que participan a diario con comentarios de grande entidade sobre temas literarios, poéticos, políticos, sociais... en fin, sobre practicamente todas as facetas da vida. Eu creo que o mérito fundamental é destes comentaristas.

estamos falando do momento de Arturo Vázquez Núñez, de Marcelo Macías, o propio Cueros cando está en Ourense. Aquí nace tamén *O Tío Marcos da Portela*, o primeiro periódico integramente en lingua galega, da man de Valentín Lamas Carvajal. A figura de Lamas, de seu, enche xa unha xeración, facendo pola lingua un labor comparábel ao que fixeron grandes poetas como Rosalía e Pondal. En fin, todo ese esforzo dos eruditos, dos profesores liberais, krausistas do Instituto do Posío, foise asentando e é o substrato do que despois nace a propia Xeración Nós.

- *A finais de 2008 publicou Historia de Ourense, obra divulgativa onde ademais fixo Vde. un grande esforzo de síntese...*

-O obxectivo foi facer un pequeno manual, breve, sintético, que non pasase das 100 páxinas. Un libro que eu incluso moitas veces fixen pensando nos alumnos, nos meus do instituto e nos dos institutos ourensáns que a miúdo necesitan acudir en busca dun dato, dunha referencia, dun contexto, e non tiñan máis que Historias moi máis amplas, traballos específicos, teses doutorais que non están ao alcance deles ou do simple afecciona-

do á Historia. Quixen resumir toda a historia de Ourense, dende as orixes do mundo romano deica finais do século XX, nun traballo sintético e, creo, ameno -é un libro que a xente di que le dun tirón-; un primeiro achegamento a esa historia que nos identifica como cultura, como entidade propia. E, ao final do libro, figura un apartado que se titula “Para saber moito máis”, unha ampla bibliografía onde o interesado pode acudir para saber o que teñen escrito moitísimos expertos sobre a cidade medieval, como pode ser o caso de Anselmo López Carrera, ou sobre a cidade antiga, como Francisco Fariña... En fin, un monllo de autores que teñen estudado con moitísimo detalle algúns aspectos que no libro simplemente se apuntan de forma moi breve.

- *Na obra fixo fincapé na historia máis contemporánea. Por que?*

-O que pretendía era que os ourensáns tivesen unha achega tamén á súa historia máis recente, que tiveran a posibilidade de identificarse coas figuras que construíron esta cidade nos últimos 50 ou 60 anos. Aí está contada con moito detalle toda a vida cultural da ci-

dade, o mundo do Auriense, dos sucesos culturais, dos “artistiñas”... Figuras que os da miña xeración aínda tivemos a sorte de coñecer en persoa, de escoitar nalgunha conferencia ou nalgún acto, como Otero Pedrayo, Taboada Chivite, Ferro Couselo... En fin, unha historia moi inmediata pero que, para as novas xeracións, é tan arredada como o mundo romano. E sería unha desgraza que esa parte do noso pasado pasase exclusivamente ao mundo da erudición ou da historiografía. Por iso intentei que eses autores, dos que todo o mundo ten oído falar, aparezan dunha forma contextualizada como as nosas raíces máis inmediatas, como os que empezaron o traballo que seguimos e seguen hoxe moitas xeracións interesadas pola cultura e polo galeguismo.

- *Teño entendido que está a traballar na recopilación dos seus artigos do Galicia Hoxe, de “Cen anos de historia cultural”.*

-Así é. Quero recoller, nun prazo máis ou menos breve, os artigos desa serie, que recollía o período que vai de 1906 a 2006, e que foi un intento de ordenar cronoloxicamente, seguindo o modelo das vellas efemérides do



ELI REGUEIRA

- *Tamén ten “Ourensanía”, unha sorte de arquivo fotográfico de Ourense. Canto de importante é a vella Auria para Vde.?*

-A vella Auria é un centro de referencia, non só para os ourensáns, senón para todos os galegos, polo que significou nalgúns momentos moi sinalados da historia da Galiza cultural máis viva e máis dinámica. E “Ourensanía” é, simplemente, un intento de recoller de forma moi tímida e sinxela algunhas imaxes históricas de feitos como, por exemplo, a aventura do Volter, da que quedan moi poucos documentos gráficos porque, desgrazadamente e para vergoña dos ourensáns, foi tirado abaixo.

- *Que lle debe a cultura galega a Ourense?*

-Débelle a inserción dunha serie de xeracións moi relevante na historia cultural e mesmo política de Galiza, como o Grupo Nós, do que en moitos aspectos somos debedores. Pero hai que ter en conta que Nós non aparece por casualidade nin por xeración espontánea. Antes hai outras dúas ou tres xeracións moi importantes que veñen de finais do XIX:

Marcos Valcárcel

“Nunca faltaron figuras que seguiron traballando pola historia cultural de Galiza”

Intelectual comprometido na investigación e divulgación da historia e cultura galegas, Marcos Valcárcel vén de recibir o último recoñecemento dunha longa lista ben merecida: o premio PEN de Galicia, polo labor que desenvolve a través do seu blog, “As uvas da solaina”

XIX, pero un pouco actualizado, todo o relevante dende o punto de vista cultural que sucedeu en todos os campos, tanto na literatura

como no teatro, nas artes plásticas, no mundo dos monumentos, dos símbolos da historia, da cultura... O certo é que foi unha experiencia moi proveitosa, traballosa tamén; pero quedei gratamente sorprendido porque atopei aspectos, non descoñecidos, pero que, postos en relación, resultan moi interesantes. Por exemplo, a importancia que tiveron os anos 10 e os 20 na nosa historia cultural, ou os grandes esforzos que nos momentos máis difíciles, nos anos 50 e 60, fixeron outras xeracións; moi poucas persoas porque non había máis, que conseguiron manter o fío de continuidade desa historia cultural e do movemento galeguista. Eu creo que a principal conclusión é esa: en ningún momento da historia cultural de Galiza faltaron figuras que seguiron traballando, ás veces desde a súa casa, publicando libros, mandando cartas, animando os amigos... para que esa historia non se extinguise. Iso foi realmente meritório.



NATALIA ÁLVAREZ